



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS PARA POSTOS DE TECNICO/A DE XESTION DE DEPORTES, EXPTE. 2026/E001/000009

SEGUNDA PROBA. CASO PRÁCTICO

En Ordes, a 17 de agosto de 2026, sendo as dez horas reúnese na Sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes o Tribunal que ha de xulgar o **PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE PARA CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS PARA POSTOS DE TECNICO/A DE XESTION DE DEPORTES**, convocada por resolución da Alcaldía, nº 551, de data 28/04/2026 e nº 588 de 06/05/2026 (corrección de erros).

Asisten:

- . **Presidenta:** Rocío Varela Rodriguez, Funcionaria da Escala de Funcionarios de Administración Xeral, Subescala de Xestión do Concello de Ordes.
- . **1º Vogal:** Elisa Capelo Landeira, Técnica de deportes do Concello de Santa Comba.
- . **2º Vogal:** Angel Tuñas Sieiro, Técnico de deportes do Concello de Noia.
- . **3º Vogal:** Carlos Alberto Frago Parga, Técnico de deportes do Concello de Carral.
- . **Secretario suplente:** Marcos Gándara Costa, Funcionario da Escala de Funcionarios de Administración Xeral, Subescala de Xestión do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal.

Concorren á celebración desta proba os aspirantes seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTA DO
CASTIÑEIRAS BECERRA, DAVID	***4732**	SI
DE DIOS RIVAS, ROBERTO	***2065**	NON
GAMALLO PONTE MIGUEL	***9110**	SI
GARCIA MOSQUERA, ALEJANDRO	***1401**	SI
IGLESIAS LOPEZ, GUILLERMO	***0008**	SI
LOPEZ GARCIA, CRISTINA	***9352**	SI
LOPEZ LORENZO, MIGUEL ANGEL	***8151**	SI

Na base sexta (Desenvolvemento do procedemento de selección), establécese o seguinte:

A fase de oposición constará de dúas probas de coñecementos referidos ao temario da convocatoria e que se recolle no seu Anexo II e, de ser o caso, a proba de coñecemento da lingua galega.

Primeira proba: Consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 120 minutos 80 preguntas tipo test.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Segunda proba: consistirá na resolución dun caso práctico.

Terceira proba: proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. A puntuación final da fase de oposición de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións da primeira e da terceira proba, e será necesario alcanzar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos para superar a oposición.

Antes do inicio do segundo exercicio a presidenta do tribunal diríxese aos aspirantes para dar conta do acordo do tribunal con respecto a interpretación das bases reguladoras da convocatoria en canto a puntuación final da fase da oposición, manifestando que a media aritmética das cualificacións será a media aritmética da primeira e segunda proba descritas nas bases. O tribunal interpreta como erro material (art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP)) a redacción das bases, toda vez que a terceira proba non se cualifica de 0 a 10 puntos, senón que se valora como apto ou non apto. Todos os aspirantes mostran a súa conformidade coa interpretación do tribunal.

Seguidamente procédese á celebración da Segunda proba que consistiu na resolución dun caso práctico, no tempo máximo dunha (1) hora, determinado polo tribunal e relacionado cos temas comprendidos no Anexo II da convocatoria.

Esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

a) O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementarase ou diminuirá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.

b) Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e a contestación de todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.

O Tribunal outorga as puntuacións provisionais seguintes:

Nº aspirante	PUNTUACIÓN TOTAL
76789382147	9,4
94386456254	9,2
10473496951	6,6
58294456380	6,5
21878663905	5,9
32718986062	5

Polo tribunal acórdase publicar a cualificación provisional da segunda proba, caso práctico, da fase de oposición na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello, concedendo aos aspirantes un prazo de tres días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde a publicación da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente ao exercicio.

Recursos: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as quince horas e vinte minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica.

A Presidenta
Rocío Varela Rodríguez
(asinado dixitalmente)

O Secretario suplente,
Marcos Gándara Costa